

Ourense, 10 de xaneiro de 2019

Querida familia:

Desde o equipo directivo do colexio queremos poñer no voso coñecemento a nova política de comunicacións que se iniciará a partir de agora por parte do centro. Despois de analizar a situación de xeito minucioso, consideramos que debemos seguir a potenciar o compromiso por reducir o impacto ambiental aforrando recursos naturais e realizando un uso eficiente dos mesmos para, deste xeito, redistribuír estes recursos para outros fins educativos.

Por este motivo, **a partir deste intre a práctica totalidade das comunicacións realizaranse en exclusiva pola plataforma Esemtia que desde o día de hoxe está habilitada para todas as familias do Colexio.** (Tamén serán publicadas na nosa web www.dimaourense.com no apartado de secretaría-circulares).

No caso de que algunha nai ou pai teña algún problema coas súas claves de acceso poderá solicitar unhas novas ou aclarar calquera dúbida enviando un mail á seguinte dirección de correo:
secretaria@dimaourense.com.

Sen outro particular recibide unha aperta,

O director

Álvaro Cid Bragado